

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN SOTAVENTO GALICIA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE IMPULSO E DIVULGACIÓN EN MATERIA DE ENERXÍAS RENOVABLES E DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PARQUE EÓLICO EXPERIMENTAL SOTAVENTO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Fundación Sotavento Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre as partes asinantes para a realización de actividades coa finalidade de impulsar e divulgar as enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética, así como difundir o carácter experimental e de demostración con que están concibidas as instalacións do Parque Eólico Experimental Sotavento, para a divulgación de este tipo de tecnoloxías entre a colectividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

No desenvolvemento de actuación de promoción e fomento en materia de enerxías renovables e aforro enerxético para que acaden a maior difusión posible, mediante a utilización das instalacións do Parque Eólico Experimental Sotavento entre os profesionais relacionados con estas materias, realización de actuacións educativas-divulgativas, entre os colectivos que visiten o parque: charlas, actividades prácticas, realizar publicacións, obradoiros, paneis, maquetas e materiais audiovisuais sobre temas enerxéticos e medio ambientais: aforro de enerxía no fogar, consumo oculto de



electrodomésticos, o vento e a enerxía eólica. E uso das estatísticas e informes divulgativos que se realicen pola Fundación Sotavento Galicia para a elaboración de estratexias de actuación futuras no ámbito da divulgación das enerxías renovables e do aforro e eficiencia enerxética.

No desenvolvemento das actuacións de promoción, divulgación e potenciación dos principais sectores enerxéticos para que acaden a maior repercusión posible entre o sector empresarial, profesional e a poboación galega enmarcados nunha primeira edición da Feira de Enerxía, precisando dun escenario singular e dinámico que a través da actuacións que desenvolverá o Inega e a Fundación Semana Verde de Galicia, en virtude da colaboración, se enmarcan no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia competitiva pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 3 de agosto de 2017

